



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO, DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2023

1.- RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DÍA DE CELEBRACIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.....	2
2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 28.12.2023.....	3
3.- CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.....	4
4.- ASUNTOS DE URXENCIA.....	7
4.1.- CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VÍA PÚBLICA. NOME DO INVENTARIO RÚA B DE VER. NOVA DENOMINACIÓN RÚA A GAFA.....	7
5.- MOCIÓN DO PSDG-PSOE CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DE PELLETS PLÁSTICOS.....	10
6.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A QUE A XUNTA DE GALIZA ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUCIA DA "MAREA PLÁSTICA" NAS COSTAS GALEGAS.....	14
7.- DACIÓN DE CONTA: INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO. CUARTO TRIMESTRE 2023.....	16
8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA.....	17
9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	23
9.1.- MOCIÓN PP ATENCIÓN PRIMARIA.....	24
9.2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SANIDADE PÚBLICA GALEGA SOS SANIDADE PÚBLICA.....	30
9.3.- MOCIÓN DO PSDG-PSOE DE APOIO Á SANIDADE PÚBLICA E Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA PLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA.....	33
10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	36
10.1.- ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).....	36
10.2 ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP).....	40
REMATE DA SESIÓN.....	43
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	44





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO, DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2023

#### ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández. (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro. (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro. (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López. (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal. (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro. (PP)

D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e once minutos do día trinta de xaneiro de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria Xeral municipal, que dá fe do acto.

#### Secretaria Xeral:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

#### Interventora municipal:

D. Lucía Varela Martínez

#### NON ASISTEN:

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera. (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> María Rocío Souto Torre (BNG)

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### 1.- RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DÍA DE CELEBRACIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía – Presidencia que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **RATIFICACIÓN DE CAMBIO DE DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 25-01-2024 PARA O DÍA 30-01-2024**

Expediente TEdE: 2024/G006/000018



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)

CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)

Páxina 2 de 44



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver o acordo de periodicidade das sesións ordinarias do Pleno adoptado na sesión extraordinaria do Pleno de organización do mandato corporativo 2023-2027 celebrada o día 28.06.2023

Tendo en conta a necesidade de tramitación dos distintos expedientes, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Ratificar o cambio de día para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello de Ponte deume de xoves día 25.01.2024 para a súa celebración o martes 30.01.2024 ás 12:00 horas”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **UNHA ABSTENCIÓN** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera o **ACORDO** seguinte:

**ÚNICO.-** Ratificar o cambio de día para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello de Ponte deume de xoves día 25.01.2024 para a súa celebración o martes 30.01.2024 ás 12:00 horas.

### 2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 28.12.2023.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía – Presidencia que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA DE ACORDO

#### LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Expediente TEdE: 2024/G006/000017

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

#### SESIÓN ORDINARIA 28.12.2023

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**SESIÓN ORDINARIA 28.12.2023** (borrador asinado o día 22.01.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA 28.12.2023** (borrador asinado o día 22.01.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

### **3.- CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**

A secretaria da lectura ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais de Pleno de día 25.01.2024, que se transcribe a continuación:

#### **“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**SESIÓN: EXTRAORDINARIA URXENTE DE DÍA XOVES 25 DE XANEIRO DE 2024**

**EXPDTE: 2024/G012/000001**

### **2.- CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**

#### **PROPOSTA DE ACORDO**



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)

Páxina 4 de 44



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Expedientes nº:** 2021/U022/000012 e 2022/U032/000004.

**Expdte proposta:** 2024/G006/000013

Tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Ponte deume celebrado en sesión ordinaria de data 28.07.2023, sobre a CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE PONTEDEUME, no que se acordou:

**PRIMEIRO.** Outorgar aprobación inicial á corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Ponte deume (A Coruña) nos termos indicados na parte expositiva do presente acordo.

**SEGUNDO.** De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aprobará definitivamente, se procede, a corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Ponte deume, e inscribirá de oficio a corrección de erros no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**TERCEIRO.** De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas, unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico." Logo de ver os requirimentos realizados pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, sobre á documentación remitida:

- Documento con rexistro de entrada n.º 20230000002151 de 11/10/2023.

- Documento con rexistro de entrada n.º 20230000002622 de 20/12/2023.

Tendo en conta a documentación técnica presentada, documento con rexistro de entrada 04/12/2023 e núm. RE 202399900002109.

Logo de ver o informe técnico de data 22/01/2024, relativo á documentación presentada no que se indica que revisada a documentación aportada o 04/12/2023 e núm. RE 202399900002109 comprópanse que se deron respostas as corrección solicitadas pola Consellería no relativo aos seguintes puntos do informe emitido o 19/12/2023 pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Esta Alcaldía-Presidencia propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar á corrección de erros do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponte deume (A Coruña) nos termos indicados na parte expositiva do presente acordo, conforme á documentación técnica presentada en data 04.12.2013, documento con rexistro de entrada 04/12/2023, conforme ao requirimento da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.** De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aprobará definitivamente, se procede, a





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Ponte deume, e inscribirá de oficio a corrección de erros no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**TERCEIRO.** De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas, unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico.”

A presidencia abre a quenda para o debate

...//....

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPSOE(5): , D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro e Don Joshua Dopico López; e **2 ABSTENCIÓNS** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera e do concelleiro do Grupo Municipal do PP, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o concelleiro da Área de Urbanismo e Infraestruturas, don Daniel Ríos Fernández para indicar que a corrección de erros do PXOM xa se aprobara no Pleno do mes de xullo, pero que houbo un requirimento por parte da Xunta de Galicia pedindo unha modificación de dous planos, un en relación a unha liña de aliñamento e outro en relación a unha lenda; e tamén pedían dilixenciar o documento; continúa dicindo que se fixeron as modificación precisas e que hai que volver a traelo a Pleno para a súa aprobación.

Sen máis intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar á corrección de erros do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponte deume (A Coruña) nos termos indicados na parte expositiva do presente acordo, conforme á documentación técnica presentada en data 04.12.2013, documento con rexistro de entrada 04/12/2023, conforme ao requirimento da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.** De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aprobará definitivamente, se procede, a corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal de Ponte deume, e inscribirá de oficio a corrección de erros no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**TERCEIRO.** De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas, unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico.

### 4.- ASUNTOS DE URXENCIA

A secretaria indica que se presentou un asunto para incluír por urxencia, se debe votar a urxencia para a súa inclusión na orde do día.

**CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VÍA PÚBLICA. NOME DO INVENTARIO RÚA B DE VER. NOVA DENOMINACIÓN RÚA A GAFA**

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO SEGUINTE ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **UNHA ABSTENCIÓN** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera.

**4.1.- CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VÍA PÚBLICA. NOME DO INVENTARIO RÚA B DE VER. NOVA DENOMINACIÓN RÚA A GAFA**

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía – Presidencia que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VÍA PÚBLICA. NOME DO INVENTARIO RÚA B DE VER. NOVA DENOMINACIÓN RÚA A GAFA**

**Expediente: 2024/G006/000023**

**Expedientes relacionados: 2022/X999/000207-2023/X998/000059**

*Don José María Pernas Vigo, con DNI 33805310W presentou o día 13 de outubro de 2023 escrito con rexistro de entrada núm. 20230000002156 en referencia ao cambio de denominación da rúa D de Ber por rúa A Gafa, no que alega que a súa finca non ten nada que ver con esa rúa, xa que a entrada principal e única da súa vivenda esta na estrada que baixa a praia de Ber.*

*O Pleno do Concello de Ponte deume en sesión ordinaria celebrada o día 30.06.2022 adoptou o seguinte acordo, que se transcribe en estrato:*

...//...



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)

Páxina 7 de 44

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*“PRIMEIRO.- Aprobar que a rúa identificada no inventario municipal co nome de rúa D De Ver, código de inventario 1VIA0690023665, pase a denominarse rúa A GAFA, nome co que antigamente coñecíase o lugar onde radica.”*

*A referencia catastral da vivenda é 4155715NJ6045S0001DL e aparece reflectida no punto segundo do acordo adoptado polo Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o día 30.06.2023, como vivenda sobre a que notificar o cambio de denominación de rúa, e así foi trasladado aos organismos afectados, atendendo ao literal do acordo.*

*Logo de ver que a don José María Pernas Vigo notificouse o acordo do Pleno o día 05.07.2022 (acuse de recibo 12.07.2022)*

*Logo da solicitude de Sr. Pernas Vigo, solicitouse informe a Policía Local, co fin de aclarar situación da entrada principal da vivenda. A Policía Local emitiu informe o día 30.12.2023 que se transcribe en estrato; ...//...*

**RESULTADO:**

*Personados en el lugar, se puede observar que la única entrada a la vivienda está ubicada en la calle principal del acceso a la playa de Ber, tal y como se puede observar en las fotografías adjuntas.*

*...//....*

*Logo de ver na cartografía catastral, a finca onde se sitúa o inmovible en cuestión, da a dúas rúas, a antiga rúa D de Ver (actualmente rúa A Gafa) e a rúa B de Ver segundo a nomenclatura do Inventario Municipal; e como aclara o informe da Policía Local o único acceso á vivenda é pola rúa que baixa a praia de Ver, sendo esta a rúa B de Ver do Inventario Municipal. En consecuencia coa investigación realizada, a inclusión da referencia catastral do inmovible non debería formar parte do punto segundo do acordo municipal.*

*Comprobado que o acordo adoptado polo Pleno foi trasladado ao Instituto Nacional de Estadística, ó Centro de Gestión Catastral e Cooperación Tributaria do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ao Rexistro da Propiedade e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos e ás Entidades, empresas e Organismos que presten no municipio servizos destinados á colectividade; e que na actualidade a dirección do inmovible figura con rúa A Gafa.*

*No Padrón Municipal de Habitantes, o Sr. Pernas Vigo figuraba con anterioridade ao cambio da rúa.0. sen nome de Ver.*

*Logo do anterior, e a vista do tempo transcurrido e tentando non causar máis prexuízos innecesarios de tipo administrativo a don José María Pernas Vigo polo cambio realizado no seu día polo Concello, está alcaldía PROPÓN:*

**PRIMEIRO.-** Ratificar a urxencia para incluír na orde do día do Pleno do Concello a seguinte proposta:

**Corrección de erros no expediente de cambio de denominación de vía pública. Nome do inventario rúa B de Ver. Nova denominación rúa A Gafa**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**SEGUNDO.-** Corrixir o erro derivado da inclusión do inmovible referencia catastral 4155715NJ6045S0001DL no acordo Plenario de día 30.06.2022, en canto a asignación do novo nome da rúa A Gafa, xa que das comprobacións realizadas, esta finca non debía figurar no listado de propiedades a notificar tras o acordo adoptado.

En consecuencia, asignar ao inmovible de referencia catastral 4155715NJ6045S0001DL a denominación da rúa 0, sen nome de Ver, 6, que é a que figuraba no Padrón Municipal, con anterioridade ao acordo adoptado.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do acordo ao Instituto Nacional de Estadística, ó Centro de Gestión Catastral e Cooperación Tributaria do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ao Rexistro da Propiedade e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos e ás Entidades, empresas e Organismos que presten no municipio servizos destinados á colectividade.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a don José María Pernas Vigo”

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o concelleiro do BNG don Luís Pena Mosquera para preguntar se é un cambio de nome da rúa ou se é un cambio das rúas que lindan co veciño.

Responde o Sr. Presidente que non é un cambio de nome de rúa; que por un erro notificóuselle a este señor e cambiouse a dirección do seu inmovible porque un lateral da súa vivenda da a rúa A Gafa; pero ese lateral non ten entrada á vivenda; a entrada tena pola rúa que baixa a praia de Ver, polo tanto hai que volver a poñerlle a dirección pola que ten a entrada a vivenda.

Sen máis intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Ratificar a urxencia para incluír na orde do día do Pleno do Concello a seguinte proposta:

**Corrección de erros no expediente de cambio de denominación de vía pública. Nome do inventario rúa B de Ver. Nova denominación rúa A Gafa**

**SEGUNDO.-** Corrixir o erro derivado da inclusión do inmovible referencia catastral 4155715NJ6045S0001DL no acordo Plenario de día 30.06.2022, en canto a asignación do novo nome da rúa A Gafa, xa que das comprobacións realizadas, esta finca non debía figurar no listado de propiedades a notificar tras o acordo adoptado.

En consecuencia, asignar ao inmovible de referencia catastral 4155715NJ6045S0001DL a denominación da rúa 0, sen nome de Ver, 6, que é a que figuraba no Padrón Municipal, con anterioridade ao acordo adoptado.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.-** Dar trasladado do acordo ao Instituto Nacional de Estadística, ó Centro de Gestión Catastral e Cooperación Tributaria do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ao Rexistro da Propiedade e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos e ás Entidades, empresas e Organismos que presten no municipio servizos destinados á colectividade.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a don José María Pernas Vigo

### 5.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DE PELLETS PLÁSTICOS.

A secretaria indica que o grupo municipal do PSdG- PSOE presentou para o Pleno a seguinte moción:

#### **Moción do PSdG-PSOE contra a xestión da marea de “pellets” plásticos.**

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira-portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE** do Concello de Ponte deume, que da lectura a moción presentada:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O pasado 8 de decembro, o cargueiro “Toconao”, con pavillón liberiano, armadora radicada en Bermudas e empresa propietaria con domicilio fiscal en Chipre, perdía fronte ás costas portuguesas varios colectores, entre os que se atopaba un que contiña máis de 26 toneladas de “pellets” plásticos repartidos en sacos de 25kg.*

*O 13 de decembro, o 112 recibe a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros, pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde, cando a presión social e mediática impide tapar durante máis tempo o acontecido.*

*O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de “pellets” ás costas galegas débese a perda do colector do Toconao. Pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns Concellos a través dunha carta asinada polo Conselleiro do Mar, para lembrarlles que son eles, os Concellos, os que teñen as competencias na limpeza dos areais, e polo tanto desentendéndose desa labor e o que é máis importante, da súa obriga de colaborar aportando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir en exclusiva a limpeza dos restos do vertido que chegaban ás nosas costas.*

*O 6 de xaneiro a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1, o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar.*

*Non é ata o día 9 de xaneiro cando Asturias, comunidade afectada por este vertido con posterioridade a Galicia, decreta o nivel 2, momento no que a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado, iso si, negándose a concretar que medios precisa para tal fin,*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes “el que quiera ayudar, que ayude”, ou a Conselleira de Medioambiente, Ánxeles Vázquez, “el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan”; para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11 barcos e un submarino.*

*Así mesmo, compre ter en conta as contradicións dos distintos responsables da Xunta, e cargos do PP, en relación coas características, composición e sobre todo posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de si pode ser ou non prexudicial.*

*Todo un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do Prestige, minimizando as consecuencias do vertido e actuando tarde, mal e arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia.*

*Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ponte deume propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:*

### **ACORDOS:**

*Esixir da Xunta de Galicia:*

*1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.*

*2º.- A posta a disposición dos Concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos “pellets”.*

*3º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.*

*4º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.*

*5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación”*

A Presidencia abre a quenda para o debate.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra o **concelleiro do BNG don Luís Pena Mosquera** que indica que o seu grupo tamén presentou unha moción moi similar tanto na exposición de motivos como nos acordos a adoptar, polo que indica que seu voto vai se a favor.

Toma a palabra a **concelleira do PP, dona Montserrat Pico Rodeiro** que indica que dicir que a Xunta de Galicia está a facer unha xestión mala lle parece unha vergoña, xa que esta actuou dende o momento que tivo coñecemento do problema e segue actuando. Indica que quen fixo unha xestión nula foi o goberno do Estado non actuando dende o momento en que Portugal dixo o que estaba a pasar, ocultándoo durante días. Continúa dicindo que tanto o grupo de goberno como o BNG crearon alarma social manipulando fotografías nas redes sociais que o único que conseguiron foi facer dano ao sector pesqueiro; convocar manifestacións, que fixeron baixar o prezo do produto de mar e desconfianza do consumidor; segundo declaración realizadas polo presidente das confrarías acompañados de patróns e outros presidentes, que o único que están a facer é crear alarma social.

Continúa dicindo que se emprega a palabra "Prestige", que lles encanta e sen medida; falan de "marea plástica" e di que é sobredimensionar o problema; e indica que non ten nada que ver co Prestige. Indica que usar este asunto para facer campaña contra o Partido Popular non é serio e non todo vale; e que o din os presidentes das confrarías, a eurodeputada portuguesa Iria Pereira dixo "*se jugó con esto y no avisaron cometiendo una gran imprudencia*"; a Sra. Belarra dixo "*no creo al PSOE en la crisis de los pellets, solo lo estaba utilizando para golpear al partido popular de la Xunta de Galicia*". Indica que é evidente o que está pasando e finalmente que o voto del Partido Popular vai ser en contra.

Toma a palabra a **concelleira portavoz do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que indica a realidade é que os pellets chegaron as praias, que as declaracións dos presidentes das confrarías varían moito en función "*do pe do que coxeen*". Indica que os problemas hai que afrontalos de fronte e sabendo de quen son as competencias; e a Xunta de Galicia ten que afrontar o problema e non delegar en Concellos ou goberno central cando non lle compete. Pódese comparar co "Prestige" porque hai que recordar as declaracións iniciais de "*aquellos hilitos de plástico*" son agora estas bolitas de plástico. Considera que acudir as declaracións de Ione Belarra neste momento por parte do Partido Popular, xa a converten nun *tótem*.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para indicar que cando se fai a comparación co "Prestige" non é pola contaminación, xa que esta non ten nada que ver co petróleo; a comparación vai en relación á xestión, xa que ten coñecemento o día 13 de decembro e non actúa ata un mes despois, a pesar de recibir a chamada no 112 coa desculpa de que entran moitas chamadas. Continúa dicindo que o único que está a facer política con isto é o goberno da Xunta ao culpar ao Goberno do Estado, que no momento que Portugal avisou o goberno non tiña competencias para actuar porque non pode entrar en augas que non son do seu país, e que cando os pellets chegaron as costas galegas a competencia é da Xunta de Galicia; di que quen dana a imaxe do sector, non é quen denuncia unha mala xestión, senón quen non cumpre coas súas competencias e quen deixa aos concellos sós ante calquera situación, alegando que a competencia da limpeza de praias é dos Concellos como se os pellets só acabaran nas praias, obviando o resto da costa.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Continúa preguntándolle ao Grupo do Partido Popular, que é o que lles parece mal dos acordos que aparecen na moción que é o que realmente se traslada; (*neste momento volve ler os acordos da moción engadindo breves explicacións do seu significado*); e que non ten inconveniente en que se elimine a exposición de motivos, se esta é a que xera o problema.

Responde a **concelleira do Partido Popular, dona Montserrat Pico Rodeiro** para dicir que a xestión que fixo a Xunta de Galicia é correcta e que se reafirma no dito na súa anterior intervención, polo que non van apoiar a moción. Indica que o Goberno de España ocultou durante días o verquido, que as dúas fotos que estiveron nas redes sociais tanto do PSdG-PSOE como do BNG non concordaban coa realidade, indica que entende que outros gobernos poderían xestionar doutro modo, o pode entender xa que a percepción da realidade é diferente duns e outros.

O **Sr Alcalde** indícalle que non lle está a dar resposta a pregunta que el fixo e a partir deste momento prodúcese un debate entre o Sr Fernández e dona Montserrat Pico Rodeiro, que finalmente indica que non comparte ningún dos acordos da proposta xa que a xestión da Xunta de Galicia foi a correcta.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera., e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

Esixir da Xunta de Galicia:

1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.

2º.- A posta a disposición dos Concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos "pellets".

3º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.

4º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación

### 6.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A QUE A XUNTA DE GALIZA ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUENCIA DA “MAREA PLÁSTICA” NAS COSTAS GALEGAS.

A secretaria indica que o grupo municipal do BNG presentou para o Pleno a seguinte moción:

#### **Moción do BNG para demandar a que a Xunta de Galiza acciós para paliar as consecuencia da “marea plástica” nas costas galegas.**

Toma a palabra don Luís Pena Couceiro concelleiro-portavoz do grupo municipal do BNG do Concello de Ponte deume, que da lectura a moción presentada:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Máis unha vez o litoral galego sofre unha catástrofe ambiental e máis unha vez a Xunta de Galiza afrontou esta crise con ocultación, con mentiras, cunha flagrante negligencia e deixando sós aos concellos*

*O 8 de decembro, segundo os Gobernos español e portugués, o barco “Toconao” perdía en alta mar varios colectores. Un deles levaba 1.050 sacos, de 26,25 quilos cada un de pellets plásticos. O 13 de decembro a Xunta de Galiza xa é sabedora deste vertido no medio mariño, máis non será ata practicamente un mes máis tarde, a causa da presión social e mediática, cando comece a tomar as primeiras medidas.*

*É o 4 de xaneiro, cando se dirixe por primeira vez a algúns concellos costeiros, mediante unha carta do conselleiro do Mar, mais non para ofrecerlle colaboración ou os medios humanos e técnicos necesarios, senón unicamente para lembrarlles as “competencias que ten a administración local na limpeza dos areais”, precisamente despois de que fore esa a única administración que, con recursos propios, estaba atendendo a limpeza das praias desde o primeiro momento.*

*Aínda que a marea plástica seguía a estenderse, o 6 de xaneiro o Goberno galego activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (Plan Camgal) no seu nivel mínimo, que se mantén ata o día 9 cando se decreta o nivel 2 que permite que poidan intervir medios estatais.*

*A día de hoxe a Xunta continúa sen dispoñer de persoal suficiente nas praias, só 200 efectivos, sen facilitar equipos ou material de protección para as miles persoas voluntarias que están efectuando a limpeza e que tampouco e quen de coordinar.*

*É evidente que o Goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou os concellos á súa sorte, desentendeuse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medio ambientalmente máis sensíbeis, e non está a prever as consecuencias que a marea plástica pode ter no sector pesqueiro e*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*marisqueiro galego.*

*Por outra banda, vén de afirmar que, segundo os informes contratados a unha empresa privada, os plásticos non son “tóxicos nin perigosos”, valoración que non comparte nin a UE nin a Fiscalía de Medio Ambiente do Estado que xa abriu unha investigación.*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

- 1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.*
- 2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.*
- 3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e resarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.*
- 4. Despreque todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.*
- 5. Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.*
- 6. Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar”*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Continúa falando o **concelleiro portavoz do BNG don Luís Pena Mosquera**, para indicar que tanto a moción presentada polo BNG como a do PSdeG-PSOE son moi similares, que aínda que non teñen un interese directo na actividade do concello; pero son de interese xeral de Galicia, que é verdade que se está en campaña electoral e que igual si se esta un pouco fóra de tempo a súa presentación que mellor sería hai 15 ou 20 días pero que os plenos “*son cando son*”. Continúa dicindo que son mocións políticas e “*sen que sirva de precedente*” indica que está de acordo co Sr. Presidente que a xestión da Xunta de Galicia foi nefasta e pensa que se se actuase doutro xeito a crise resultaría beneficiosa para o Partido Popular; e di que si se deixou aos concellos desamparados.

Continúa dicindo que no sector marisqueiro hai voces discordantes, pero a realidade é que viña dunha situación crítica, tiñan unha manifestación prevista en Santiago a cal se engadiu o problema dos pellets; manifestación maioritaria en defensa do sector pesqueiro, que na súa opinión xa estaba en crise.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do PSdG-PSOE** que indica é unha moción moi similar a presentada, que se inciden case nos mesmos puntos, as mesmas preocupacións polo sector pesqueiro, pola toxicidade dos pellets, o persoal de limpeza, a colaboración cos concellos... que a Xunta de Galicia ten ou tiña medios para facer fronte a esta crise; concorda co Sr. Pena Mosquera que igual terían mais encaixe a moción hai quince días e que piden que se aprenda dos erros, porque parece que non somos capaces de aprender e se cometen sempre os mesmos erros. Indica finalmente que o seu voto vai a favor.

Toma a palabra **a concelleira do Partido Popular, dona Montserrat Pico Rodeiro**, que indica que se reafirma no indicado no debate da moción anterior, e que tampouco van apoiar esta moción.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera,, e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.
2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.
3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e resarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.
4. Despregue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.
5. Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.
6. Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar.

## 7.- DACIÓN DE CONTA: INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO. CUARTO TRIMESTRE 2023





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

### “PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

#### **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 14/2024 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE 2023.**

(Expediente TDeC: 2024/Q001/000001)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)”

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 14/2024, de asunto: “Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao cuarto trimestre de 2023”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### **8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

#### **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 21 DE DECEMBRO DO 2023 AO 24 DE XANEIRO DE 2024 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30 DE XANEIRO DE 2024**



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Expediente TEdC: 2024/G006/000021

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **706/2023** de 21 de decembro ao **21/2024** de 24 de xaneiro de 2024, ambos os dous incluídos, os seguintes:

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
2023/G003/000778	Modificación de crédito 18, transferencia de crédito 6. Varias áreas de gasto. Alcaldía.-	00706/2023	21-12-2023 14:36
2023/G003/000779	Modificación de crédito 19, xeración de crédito 12	00707/2023	21-12-2023 14:37
2023/G003/000771	Aprobación relación de facturas f/2023/31.-	00708/2023	21-12-2023 14:59
2023/G003/000767	Achega do concello en virtude do Convenio de colaboración co consorcio galego de igualdade e benestar para o desenvolvemento do programa xantar na casa 3º trimestre	00709/2023	21-12-2023 14:59
2023/G003/000765	Liquidación de tributos-pago seguros sociais mes novembro 2023.	00710/2023	22-12-2023 13:35
2023/G003/000784	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes novembro 2023.	00711/2023	22-12-2023 13:29
2023/G003/000781	Convocatoria da sesión ordinaria de pleno de 28 de decembro de 2023	00712/2023	22-12-2023 14:11
2023/G003/000748	Solicitude subvención PEL 2024	00713/2023	23-12-2023 12:41
2023/G003/000755	Contratación empresa que aporte programa informático web e app móbil para a xestión do servizo de axuda no fogar.	00714/2023	23-12-2023 12:41
2023/G003/000768	Expediente da conta xustificativa pago axudas ás familias para a adquisición de material escolar . Curso escolar 2023-2024, segundo ciclo educación infantil, primaria e ESO do Concello de Ponte deume.	00715/2023	23-12-2023 12:41
2023/G003/000772	Solicitude de renovacion de tarxeta de estacionamento por caducidade	00716/2023	23-12-2023 12:41
2023/G003/000598	Aprobación certificación nº 11 e 12 da obra -Humanización urbanística de rúa Río Eume e praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo-.	00717/2023	26-12-2023 12:28
2023/G003/000741	Contrato para a execución das obras contidas no proxecto "Ampliación da rede	00718/2023	26-12-2023 12:28



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
	<i>municipal de saneamento de augas residuais en San Cosme (Nogueirosa)" (POS + adicional 2/2021 )</i>		
2023/G003/000787	<i>Contrato coordinación seguridade e saúde "Acceso ao Castro dende DP 6902" . Financiado con cargo ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva. (código de procedemento MR701e). (Agader 2023)</i>	00719/2023	26-12-2023 12:28
2023/G003/000790	<i>Cambio de imputación a orzamento de gastos financeiros</i>	00720/2023	26-12-2023 15:34
2023/G003/000678	<i>Aprobación certificación nº 3 da obra - pavimentación da rúa valeriano villanueva-, obras municipais.</i>	00721/2023	26-12-2023 15:34
2023/G003/000668	<i>Aprobación certificación nº 2 da obra: Peche perimetral de pista de tenis en parque sarmiento, obras municipais.</i>	00722/2023	26-12-2023 17:41
2023/G003/000791	<i>Delegación de funcións alcaldía presidencia 27-12-2023</i>	00723/2023	26-12-2023 19:26
2023/G003/000774	<i>Expediente sancionador de trafico AI99500000030505</i>	00724/2023	26-12-2023 20:47
2023/G003/000775	<i>Expediente sancionador de trafico DR 99500000030512</i>	00725/2023	26-12-2023 20:48
2023/G003/000785	<i>Solicitud subvención Aula Cemit 2023</i>	00726/2023	26-12-2023 20:48
2023/G003/000780	<i>Solicita duplicado de tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida por extravío</i>	00727/2023	26-12-2023 20:48
2023/G003/000777	<i>Solicita renovacion de tarxeta de estacionamento por caducidade</i>	00728/2023	26-12-2023 20:48
2023/G003/000792	<i>Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de día 27 de decembro de 2023</i>	00729/2023	26-12-2023 22:30
2023/G003/000789	<i>Execución das obras contidas no proxecto "Acceso ao Castro dende DP 6902"; financiadas pola Axencia Galega de desenvolvemento rural (Agader) con cargo ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da PAC 2023-2027.</i>	00730/2023	26-12-2023 23:18



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
2023/G003/000786	Liquidación por retira de árbol consorcio contra incendios e salvamento	00731/2023	27-12-2023 10:26
2023/G003/000788	Control de calidade das obras contidas no proxecto "Acceso ao Castro dende DP 6902"; financiadas pola axencia galega de desenvolvemento rural (Agader) con cargo ao plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da PAC 2023-2027.	00732/2023	27-12-2023 10:27
2023/G003/000782	Aprobación relación de facturas f/2023/32.-	00733/2023	27-12-2023 10:28
2023/G003/000794	Prórroga do orzamento municipal de 2023 a 2024.-	00734/2023	27-12-2023 15:34
2023/G003/000793	Tramitación subvencion nominativa Comisión de Festas das Peras 2023	00735/2023	27-12-2023 15:35
2023/G003/000795	Execución das obras contidas no proxecto "Acceso ao Castro dende DP 6902"; financiadas pola axencia galega de desenvolvemento rural (Agader) con cargo ao plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da PAC 2023-2027	00736/2023	27-12-2023 16:01
2023/G003/000801	Contrato para execución da obra "Aparcamiento CEIP de Andrade Pontedeume" con cargo á convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ; financiado pola Unión Europea - Next Generationeu (PRTR), Ministerio de Sanidade, Goberno de España (c18.I2).	00737/2023	28-12-2023 12:17
2023/G003/000802	Contrato para execución das actuacións contidas no proxecto "Sinalización e mellora de rutas de sederismo e ciclismo de montaña no entorno da Ermida de Breamo en Pontedeume"; con cargo ao convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de	00738/2023	28-12-2023 12:43



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
	estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables financiada pola Unión Europea-NextGeneration, Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Ministerio de Sanidade, Goberno de España		
2023/G003/000804	Contrato para execución da obra "Aparcamiento CEIP de Andrade Ponte deume" con cargo á convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ; financiado pola Unión Europea - Next Generationeu (PRTR), Ministerio de Sanidade, Goberno de España (c18.l2).	00739/2023	28-12-2023 13:57
2023/G003/000796	Aprobación relación de facturas f/2023/33.-	00740/2023	28-12-2023 13:57
2023/G003/000783	Nomeamento secretaria accidental do 2 ao 12 de xaneiro 2023.	00741/2023	28-12-2023 15:38
2023/G003/000810	Liquidación anualidades 2006 a 2022 coa concesionaria Víaqua SAU.-	00742/2023	28-12-2023 20:33
2023/G003/000800	Aprobación certificación nº 1/final - sinalización e mellora de rutas de senderismo e ciclismo de montaña no entorno da Ermida de Breamo, Ponte deume-. Next generation.	00743/2023	28-12-2023 20:33
2023/G003/000808	Pago a xustificar - Renovación de apartado de correos xulgado de paz	00744/2023	28-12-2023 20:34
2023/G003/000806	Cambio de imputación de factura da rede cultural	00745/2023	28-12-2023 20:33
2023/G003/000812	Expediente de imputación a orzamento de gastos e ingresos non orzamentarios	00746/2023	29-12-2023 10:03
2023/G003/000803	Aprobación certificación nº 1/final - aparcamento CEIP de Andrade, Ponte deume-. Next generation.	00747/2023	29-12-2023 10:03
2023/G003/000811	Aprobación relación facturas f/2023/34.-	00748/2023	29-12-2023 10:03
2023/G003/000809	Aprobación certificación nº 1/final da obra -Pavimentación da rúa do Picho-. Obras municipais.	00749/2023	29-12-2023 12:00
2023/G003/000799	Aprobación certificación nº13 da obra - Humanización urbanística rúa Río Eume e	00750/2023	29-12-2023 12:00



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
	praza mestre Álvaro Vázquez Penedo, Pontedeume-. Obras municipais.		
2023/G003/000814	Aprobación certificación nº 1 da obra - acceso o Castro dende DP 6902-. Agader 2023/2024	00751/2023	29-12-2023 12:04
2023/G003/000805	Solicitud subvención Agader 2023	00752/2023	29-12-2023 14:09
2023/G003/000816	Aprobación relación de facturas f/2023/35.-	00753/2023	29-12-2023 14:11
2023/G003/000815	Aprobación certificación final da obra - pavimentación e Humanización Frei Gumersindo Placer-. Pos+ adicional 2/2021	00754/2023	29-12-2023 14:11
2023/G003/000819	Liquidación de tributos taxa lixo	00755/2023	29-12-2023 15:55
2023/G003/000817	Aprobación certificación nº primeira acopios da obra -ampliación rede municipal de saneamento de augas residuais en San Cosme, Nogueirosa-. Pos+adicional 2/2021	00756/2023	29-12-2023 18:30
2024/G003/000001	Elaboración de nóminas-contratación laboral temporal limpador/a	00001/2024	02-01-2024 15:08
2024/G003/000002	Delegacións de alcaldía presidencia mandato corporativo 2023-2027. Do 3 ao 10 de xaneiro de 2024	00002/2024	02-01-2024 15:13
2024/G003/000007	Solicitud de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - DNI 14****43j	00003/2024	08-01-2024 10:57
2024/G003/000008	Conta xustificativa de axudas para situacións de emerxencia social	00004/2024	09-01-2024 15:37
2024/G003/000009	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de día 11 de xaneiro de 2024	00005/2024	10-01-2024 14:10
2024/G003/000010	Convocatoria extraordinaria de prazas na Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa", novembro 2023.	00006/2024	12-01-2024 10:53
2024/G003/000015	Expediente sancionador de trafico 9BIS99500000030588	00007/2024	15-01-2024 13:19
2024/G003/000014	Expediente sancionador de trafico AI99500000030589	00008/2024	15-01-2024 13:19
2024/G003/000013	Nomeamento xurado XXVI premio investigación Concello de Ponte deume.	00009/2024	16-01-2024 09:27
2024/G003/000016	Solicitud subvención impactos paisaxísticos	00010/2024	16-01-2024 11:51
2024/G003/000019	Sesión extraordinaria do pleno de 23.01.2023 para o sorteo das mesas electorais con motivo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 18.02.2024	00011/2024	18-01-2024 11:30



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
2024/G003/000018	Liquidación de tributos-modelo 111 irpf decembro 2023	00012/2024	19-01-2024 13:16
2024/G003/000011	Someter a la aceptación al ay. Ponte deume de las condiciones por las que podría otorgarse la concesión 242 m2 por ocupación de DPMT destino cantina, almacén y aseos en el paseo marítimo de Ponte deume, TM Ponte deume - (v.12/17-c)	00013/2024	22-01-2024 09:12
2024/G003/000021	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de outubro 2023	00014/2024	22-01-2024 11:01
2024/G003/000024	Sesión ordinaria da Comisión informativa de Asuntos Económicos e Facenda de día 22. De xaneiro de 2024	00015/2024	22-01-2024 14:43
2024/G003/000022	Convocatoria selección personal, lista reserva auxiliares administrativos, grupo c2.	00016/2024	23-01-2024 18:27
2024/G003/000028	Delegación de alcaldía presidencia para o día 25-01-2024	00017/2024	24-01-2024 12:28
2024/G003/000025	Expediente sancionador de trafico AI99500000030674	00018/2024	24-01-2024 14:19
2024/G003/000023	Solicitud subvención de igualdade da xunta de galicia: SI435A e SI436A	00019/2024	24-01-2024 14:19
2024/G003/000032	Liquidación orzamento 2023. Imputación á conta 413 e axustes en proxectos.-	00020/2024	24-01-2024 14:18
2024/G003/000036	Sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de asuntos xerais de pleno de día 25-01-2024	00021/2024	24-01-2024 14:18

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

**9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES,**

A secretaria municipal indica que se presentaron para o Pleno as seguintes mocións pola vía de urxencia:

**Moción do PP Atención primaria**

**Moción do BNG sobre a Sanidade pública galega SOS Sanidade pública**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### Moción do PSdG-PSOE de apoio á sanidade pública e á manifestación convocada pola plataforma SOS Sanidade pública

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DAS SEGUINTE MOCIÓNS NA ORDE DO DÍA, POR UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes.

#### Moción do PP Atención primaria

#### Moción do BNG sobre a Sanidade pública galega SOS Sanidade pública

### Moción do PsdG-PSOE de apoio á sanidade pública e á manifestación convocada pola plataforma SOS Sanidade pública

#### 9.1.- MOCIÓN PP ATENCIÓN PRIMARIA

Transcríbese a moción presentada polo PP, e a continuación dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do Partido Popular (PP) fai un resumo.

*“La situación que atraviesa la atención primaria es difícil en toda España debido a un problema estatal de déficit de especialistas en medicina de familia disponibles para su contratación, que hace casi imposible cubrir las vacantes en casos de jubilaciones, bajas o ausencias.*

*Sabíamos desde hacía años que esta difícil situación iba a llegar, por lo que ya en abril de 2018, las comunidades autónomas junto con el Gobierno del Estado aprobaron por unanimidad, en un Consejo Interterritorial, una serie de medidas prioritarias para corregir las deficiencias que iban surgiendo. .*

*Sin embargo, aquellas medidas acordadas en abril quedaron sin efecto con la llegada del gobierno del PSOE en junio de 2018, aplazando el acuerdo en el Consejo Interterritorial y empeorando la situación de la atención primaria cada año que pasa.*

*Fueron 4 años de inacción hasta que, en 2022, el Ministerio presentó al Consejo Interterritorial un informe coordinado por la catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado "Informe de Oferta-Necesidad de Médicos Especialistas 2021-2035", en el que se marcaba el año 2027 como el punto de inflexión. Punto donde se producirían situaciones críticas en el Sistema Nacional de Salud (SNS).*

*Este informe señala a la especialidad de medicina familiar y comunitaria como “la especialidad con peor pronóstico de déficit”. Identificando como causas más determinantes en este problema, la fuga de residentes de esta especialidad a urgencias y el pequeño aumento de plazas MIR debido a la rigidez del procedimiento de acreditación de plazas de formación. Además de lo aquí indicado, también se recomienda adoptar incentivos para puestos de difícil cobertura que podrían quedar vacantes incluso en un escenario con más especialidades por su poco atractivo estatus profesional.*







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*En este tiempo no se hizo nada por parte del Gobierno Central más que dejar correr el reloj, todas las medidas que se llevaron a cabo eran competencia de las comunidades autónomas, pudiendo asumir sus responsabilidades en materia sanitaria sin el apoyo del gobierno.*

*Un ejemplo de ello fue el constante aumento de plazas MIR que se produjo en diferentes comunidades, como Galicia, que lleva años cubriendo el 100% de las plazas acreditadas y solicitando más acreditaciones hasta llegar a las 207 ofertadas en la última convocatoria.*

*De hecho, en los últimos 15 años Galicia ha duplicado su oferta de plazas en esta especialidad (de 88 en 2009 a 207) frente a un incremento en toda España del 30% (de 1.904 en 2009 a 2.492 este año).*

*Pero el sistema no da más de sí. La rigidez de los criterios para la creación de nuevas plazas obligó al Gobierno gallego a crear más plazas para residentes en los pocos centros que ya podían formarlas (alrededor de 100 de las más de 400 que tiene Galicia) en lugar de incorporar residentes en otros centros que no lo están. Permitted formarse mediante criterios tan arbitrarios como tener 4 médicos en lugar de 3.*

*La situación ha llegado a tal punto que País Vasco y Galicia han tomado la iniciativa y redactado un manifiesto donde exigen al Gobierno de España una serie de medidas urgentes para solucionar la situación en la que se encuentra la atención primaria. A este manifiesto se sumaron más comunidades autónomas, como Cataluña, Castilla y León, Andalucía o Madrid, entre otras. Comunidades gobernadas por partidos de distinto signo pero que son conscientes de que el verdadero problema que afronta la atención primaria no entiende de colores políticos.*

*El contenido de este manifiesto fue trasladado al Congreso de los Diputados como resolución durante el Debate sobre el Estado de la Nación celebrado en julio de 2022. Esa resolución obtuvo el apoyo mayoritario del Congreso, consiguiendo el apoyo de una decena de partidos políticos también de distinto signo.*

*Sin embargo, en los Consejos Interterritoriales posteriores a esta votación, el Gobierno de España no ha manifestado ninguna intención de cumplir con este acuerdo.*

*De hecho, se cerró una nueva convocatoria MIR sin cambios en el modelo de asignación de plazas y sin la flexibilización previa de acreditación de unidades docentes, por lo que el incremento de plazas concedidas fue insuficiente. Galicia defendió que la orden contemplaba una posible ampliación posterior de las plazas en el caso de que se completara ese cambio en los requisitos y se pudieran acreditar más plazas, pero tampoco consta que el Gobierno aceptara esa petición.*

*Así, en la convocatoria MIR de 2024 hay cerca de 14.000 admitidos por el Ministerio para una convocatoria de 8.772 plazas de médico residente. Más de 5.000 médicos cualificados se quedarán sin formación especializada.*

*La falta de reformas estructurales en el sistema por parte del Gobierno sigue provocando que, cada año, miles de titulados no puedan optar a una plaza de formación sanitaria especializada cuando el Sistema Nacional de Salud los necesita con urgencia.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Las medidas del manifiesto planteado por Galicia y País Vasco en 2022 siguen en plena vigencia y por eso cada vez reúnen más adhesiones, las más recientes las de los gobiernos regionales de Comunidad Valenciana, Aragón, Baleares y Extremadura.*

*Por otro lado, la escasez generalizada de personal también está teniendo un impacto directo en la asistencia sanitaria gestionada por el Gobierno central: la penitenciaria. En una reciente respuesta parlamentaria, el Gobierno de España reconoció que el 70% de los puestos médicos en las prisiones gallegas están vacantes. Y la única respuesta que está dando el Gobierno de Sánchez a esta situación es la contratación de servicios privados de atención sanitaria a los internos, en un caso claro de desmantelamiento y privatización de un servicio sanitario público.*

*Por todo ello, el Grupo Municipal Popular presenta en el Pleno la siguiente propuesta de acuerdo: el Pleno del Concello de Ponte deume:*

- 1. Acuerda su apoyo a las medidas incluidas en el 'Manifiesto de los consejeros de Sanidad para la toma de medidas estatales urgentes en el ámbito de la atención primaria' apoyado por la mayoría de los gobiernos regionales y por la mayoría del Congreso de los Diputados y que incluye reformas que permitiría incrementar en los próximos años 1.000 plazas anuales de formación en medicina de familia en toda España para afrontar el relevo generacional en atención primaria.*
- 2. Instar a la Xunta de Galicia a exigir al Gobierno de España el cumplimiento del mandato parlamentario que le insta a adoptar estas medidas, previa aprobación de una resolución en el Congreso de los Diputados al efecto.*
- 3. Instar a la Xunta de Galicia a exigir al Gobierno de España que dé marcha atrás en la privatización de los servicios sanitarios de los centros penitenciarios gallegos, prestando de nuevo esta atención desde el sistema público con personal sanitario propio de Instituciones Penitenciarias.*
- 4. Acordar trasladar este convenio a la Consellería de Sanidad de la Xunta de Galicia y al Ministerio de Sanidad del Gobierno de España"*

Continua a **concelleira do Partido Popular dona Montserrat Pico Rodeiro** dicindo que a falta de médicos de atención primaria é un problema xeneralizado en España, que todas as comunidades teñen problemas para contratar médicos de familias, que as listas de contratación están baleiras; que o goberno de España parcheou o problema, aprobou un sistema de xubilación activa onde se incentivan aos médicos para que continuasen ata os 67 anos; que no ano 2018 o goberno do Partido Popular e todas as comunidades aproban unha reforma de criterios e requisitos para crear prazas formativas de médicos de familia pero que logo o PSOE accede ao Ministerio de Sanidade e todo quedou nun caixón. Continúa dicindo que no ano 2022 o goberno galego e vasco fixeron un manifiesto para que o goberno de España fixera reformas ao que se sumaron outras comunidades, pedindo reformas para poder formar a mil médicos máis ao ano, proposta que se levou ao congreso dos Deputados co resultado dos votos negativos do PSOE e BNG. Indica que na convocatoria do MIR do 2024 hai preto de 14000 admitidos para 8772 prazas, polo que máis de 5000 médicos cualificados quedaron sen formación especializada; que a escaseza xeneralizada repercute tamén na asistencia sanitaria xestionada polo goberno de España, que é a penitenciaria onde o 70% dos postos médicos das prisións galegas están vacantes e a resposta por parte do goberno é a contratación de servizos privados para a atención sanitaria dos internos.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra a **concelleira portavoz do PSOE dona Alejandra Bellón Tenreiro** para indicarlle ao Partido Popular que as competencias en sanidade son tamén da Xunta de Galicia, non do goberno de España; que moitas veces se falou da privatización de centros de saúde e de servizos de especialistas, pero ao Partido Popular agora só lle interesa a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios. Continúa dicindo que na actualidade hai en Galicia 900 profesionais menos en atención primaria que no último ano do Presidente Touriño, datos sacados dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia; durante os 15 anos do goberno do PP en Galicia non se convocaron 180 prazas de médicos MIR de atención primaria, estando a posibilidade habilitada polo Estado e sen explicación e sabendo dende hai anos que o problema estaría aí. Indica que no último ano 2023 Galicia podería formar 73 enfermeiras especialistas en atención primaria pero só convocou 50 prazas; o PP renunciou a ter profesionais suficientes e a formar todos os que podían. Continúa dicindo que o Goberno de Pedro Sánchez convocou máis do dobre de prazas formativas para médicos de primaria que os gobernos do Sr. Rajoy (207 fronte a menos de 100)

Continúa a **Sra Bellón Tenreiro** dicindo que Galicia non convoca porque non pide prazas, non paga aos titores e cada vez menos xente quere ser formador, non da os recursos necesarios e que as saturacións dos centros impide ter as condicións para formar; hai precariedade laboral tremenda nos centros de atención primaria. Indica que un dos problemas principais dos profesionais que queren ir a atención primaria é a precariedade laboral, as súas condicións son as peores de España, sen recursos, dificultando a carreira profesionais, impide labores como saúde comunitaria, educación en saúde e investigación.

Indica que no Concello se está a vivir esta situación de precariedade, os médicos están a facer horas extraordinarias para completar quenda e cubrir prazas que non se cobren, a precariedade e deficientes expectativas laborais nos centros de saúde son as causas principais da falta de persoal que queira ir a atención primaria, e son peores condicións que noutras comunidades autónomas. Continúa dicindo que está moción so consiste en votar balóns fóra e culpabilizar a outros das responsabilidades que a Xunta de Galicia ten, porque cada un ten as competencia que ten.

Toma a palabra o **concelleiro portavoz do BNG, don Luis Pena Mosquera**, para indicar que as competencias en sanidade están na Xunta de Galicia, que a xestión é nefasta e que o está a dicir organización SOS Sanidade pública que engloba a máis de 55 organizacións relacionadas coas sanidade pública; continúa dicindo que o obxectivo do Partido Popular é esnaquizar a sanidade pública fronte á privada porque da máis cartos a un grupo moi reducido de persoas; reducíronse os orzamentos, baixaron as prazas MIR, os contratos son precarios moitos deles de día en día; e a atención primaria está 2 puntos por debaixo da media de España; e realmente é a máis próxima a que máis usamos; e da o dato que dende o 2009 ao 2024 a atención primaria tiña que ter 473 millóns máis de orzamento. Indica que o voto vai ser en contra e sobre todo porque a Xunta de Galicia o único que fai e votar "balóns fóra".

Toma a palabra a **concelleira do Partido Popular dona Montserrat Pico Rodeiro**, que ve que non se quere apoiar para instar ao goberno para que haxa máis prazas formativas; e indica que ela tamén ten datos, tales como que 2019 a prazas formativas de médicos en España aumentou un 30 % fronte ao 135% que o fixo en Galicia, que se crearon contratos de continuidade para dar estabilidade aos residentes durante





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3 anos, se fixo atractivas prazas difíciles de cubrir pero recorda que o PSOE e o BNG votaron en contra; reitera que son percepcións da realidade moi distintas en función de como se queira mirar.

Toma a palabra a **concelleira portavoz do PSOE dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que di que a realidade e a que se ve na rúa, a que trasladan os veciños e a que sufrimos persoalmente todos os días. Indica que as competencias son as que son.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que di que *“hai que ter rostro”* e o aclara que tamén o di como cidadán, para traer unha moción e defendela; que a pesar de que el é militante con cargo nun partido político pero hai cousas que non defende por moito que sexa do seu partido; dicir que a culpa é do Goberno de España cando hai 8000 médicos españois traballando fóra de España, dato que din os colexios de médicos e que as condicións laborais actuais favorecen a súa marcha. Di que hai vinte anos tiñas unha cita aos dous días no médico de cabeceira e na actualidade son 15-20 días e que o Partido Popular lle vote a culpa disto ao Estado, e continúa dicindo palabras textuais *“sinceramente, hágaselo mirar”*.

Continúa dicindo que o Partido Popular defenda a Xunta na xestión dos pellets pode admitilo, pero defender que a xestión da Xunta de Galicia na sanidade e boa e que a culpa é do Estado, cando as competencias en exclusiva son da Xunta de Galicia; que no ano 2022 convocanse 8500 prazas MIR e a Xunta de Galicia non as convoca todas e sae o director xeral da Xunta xustificando na prensa (lee nota de prensa) *“que no sean convocadas en Galicia todas las plazas MIR acreditadas en algunas especialidade en las que no existe déficit para no perjudicar a aquellas en las que si faltan profesionales”*; e agora o Partido Popular pide que se convoquen máis prazas cando estas xa se convocaron pero non se cubriron. Indica que máis alá dos argumentarios que marcan os partidos hai que palpar un pouco a realidade; hai 200.000 persoas en Galicia que están esperando para unha primeira consulta en especialista, hai plantas pechadas en hospitais, as urxencias están saturadas, algo provocado pola tardanza nas citas de atención primaria e ao final colapsa o sistema de urxencias.

Continúa o **Sr. Presidente** que non son percepcións distintas da realidade, que a situación da sanidade na actualidade é pésima, que están a culpar ao goberno de España da situación dende o ano 2018 e recorda que o PP leva gobernando 15 anos na Xunta, coincidindo os gobernos do Sr. Rajoy cos do Sr. Feijoo, e casualmente a concelleira do PP só fai referencia a dúas reunións, unha no 2018 e outra no 2022; preguntándolle o Sr. Presidente, que fixo entón o goberno do PP na Xunta de Galicia ata entón. Continúa dicindo que en Galicia se invisten a día de hoxe 130 millóns de euros menos que cando chegou o PP ao goberno da Xunta de Galicia e hai case 1000 profesionais menos.

Continúa dicindo que hai cousas que non teñen defensa, que hai que recoñecer, aínda que veña do propio partido ao que se pertence, que as cousas están mal e neste caso na sanidade é así; di que faltan médicos pero que as condicións laborais que teñen os médicos, sobre todos os menores de 30 anos en hospitais e centros de saúde non son atractivas para quedarse en Galicia; que o din as distintas asociacións de traballadores sanitarios, os colexios médicos e incluso se pode ver nos propios hospitais manifestacións dos traballadores.

Continúa o **Sr. alcalde** dicindo que hai unha clara vontade privatizadora da sanidade pública por parte do goberno do Partido Popular, e a clase media, será a que padeza as consecuencias; polo que lle parece triste que se defenda a xestión da Xunta xa que entende que todos os ali presentes están incluídos dentro desa clase media. Indica que as excusas que pon a Xunta dicindo que non hai médicos especialistas (cita



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

caso de pediatras) non é válida, xa que e traballo desta buscar solucións ao problema, e adoptar medidas para favorecer que a solución sexa efectiva. Indica que non entende como poden traer esta moción, e di que quere pensar que é porque estamos en campaña electoral, porque lle di a concelleira do PP que se cree o que acaba de expoñer o está defraudando como cidadán e di textualmente *“hai que ter rostro para estar como estamos na sanidade pública e o que estamos padecendo e vir aquí a defendelo e dicir que a culpa e do goberno de España que non convoca máis prazas MIR, e resulta que cando as convoca vostedes non as cubren”*. Continúa dicindo que as listas de espera dos últimos anos é vergoñenta, que Galicia é a terceira comunidade que menos inviste en sanidade e son datos incontestables; indica que el non defende ao seu partido a calquera prezo aínda tendo un cargo no partido, di textualmente *“hagaselo mirar”*; que prefire ir ao médico e ter pediatra, que o atendan como hai 10 anos, e que non cambien os médicos de atención primaria cada tres meses... e que a situación do centro de saúde de Ponte deume, cos baches que hai, que non poden entrar as ambulancias, tamén será culpa do Goberno de España, e preguntase que pasará cando cambie o goberno de España se seguiran defendendo o mesmo, e di que pensa que non, porque antepoñen o partido antes de defender *“o que hai que defender”*

A partir deste momento prodúcese un cruce de palabras entre o Sr. Alcalde e a Concelleira do PP

**A concelleira do PP, dona Montserrat Pico Rodeiro** dille a Sr. Presidente que é un pouco maleducado; e que se reitera no que dixo anteriormente; pide que conste en acta a intervención do Sr. Presidente; e di que estamos nunha democracia e que ela defende o que quere e o que pensa; que lle pase por escrito o significado de *“hagaselo mirar”*

Di o **Sr. Fernández** que en ningún momento lle faltou ao respecto a Sr. Pico Rodeiro, que *“hagaselo mirar”* refírese ao nivel de valores, xa que antepón o partido á cidadanía, que lle parece triste que alguén que padece a situación actual da sanidade veña a defendela xestión que se está a facer, porque é a súa propia saúde e a de todos os presentes.

**A concelleira do PP, Sra. Pico** di que os seus valores os marca ela, o que ela sabe o que debe de facer; que o Sr. Presidente non lle ten que dicir o que ten que traer ou non, ao igual que ela non lle di o que ten que facer a él na Deputación; e da situación do centro de saúde recórdalle que xa esta licitada a obra, tal e como lle comunicaron nunha visita ao centro, responsables da Xunta; que ela estaba presente nesa visita.

Di o **Sr. alcalde** que a entrada ao centro de saúde leva mal 17 anos (9 do seu goberno+8 do goberno do PP anterior) e que xa ía sendo hora de arranxalo. Reitera que *“hagaselo mirar”* significa por que prevalecen os intereses do seu partido fronte aos da cidadanía en algo tan importante como a sanidade pública que afecta a todos incluída a saúde da Sr. Pico Rodeiro, que non é unha estrada nin unha autoestrada ou piscina... é a sanidade pública, o máis sagrado que hai, que non se pode defender unha xestión pésima por parte da Xunta de Galicia. Indica que el mostrou moitas veces no Pleno o apoio a temas en contra do goberno do seu partido, e que pola credibilidade que el traslada cando fai esas cousas, ten 9 concelleiros e o PP 2, porque os veciños son capaces de ver que se defenden os seus intereses por riba dos demais; e dille a Sra. Pico Rodeiro que saía a rúa e defendía a súa postura ante a xente, a ver que resposta recibe.

**A Sra. Pico Rodeiro** di que non debe estar tan mal cando levan 4 maiorías absolutas do PP, e pregunta se os galegos somos *“tontos”*, se a situación fose tan caótica non se votaría ao PP



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O **Sr. Presidente** di que os galegos non son “tontos”, que a xente valora moitas cousas ao ir a votar e que se a TVG non estivese secuestrada e contase todas as verdades e non as mentiras que se contan todos os días, e que todos sabemos do caciquismo que usa o PP castigando a outras administracións, como por exemplo se se trae unha moción ao Pleno para ver se a Xunta cambia os sistemas de tramitación das subvención para que non as leven so os concellos do PP, preguntase como votará.

Continúa o **Sr. Presidente** dicindo que defender que a sanidade pública funciona ben cando pasamos de ter unha cita médica en 2 días a tela en 15 días é facer o ridículo, pero di que respecta a opinión da Sra. Pico Rodeiro, pero non a comparte e lle di “*con todo o respecto do mundo*” que viven fóra da realidade

Finaliza aquí o cruce de palabras.

Toma a palabra o **concelleiro do BNG don Luis Pena Mosquera**, para indicar que a moción presentada polo PP non está fóra da súa ideoloxía ultraliberal, non creen nunha sanidade pública e está intentando privatizala, e quen poda pagala que o faga e quen non quedará case ao marxe da sociedade.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción, quedando **REXEITADA** por **MAIORÍA DE 9 VOTOS EN CONTRA**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera, e **DOUS VOTOS A FAVOR (2)** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro.

### 9.2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SANIDADE PÚBLICA GALEGA SOS SANIDADE PÚBLICA

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera, concelleiro-portavoz do grupo municipal do BNG do Concello de Ponte deume, indica que vai retirar o punto 2 do acordo que se reflexa na moción que quedaría como se transcribe a continuación:

*“A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento: Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan mais da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonados nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas.

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.

SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que abranguen propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chama a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela **o vindeiro domingo 4 de febreiro** cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos

Por este motivo o grupo municipal do BNG propón ao Pleno Municipal do Concello os seguintes acordos:

1. Apoiar explícita á manifestación convocada por la Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa de medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega

2. Esixir ás administracións competentes, nomeadamente á Xunta de Galicia, as seguintes 13 medidas urxentes

- 1). Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS)
- 2). Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais
- 3). Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.
- 4). Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas
- 5). Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.
- 6). Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia
- 7). Reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas
- 8). Elaborar de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado
- 9). Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

10). Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.

11). Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.

12). Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.

13). Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.

(Sendo as 13 h e 7 minutos o concelleiro don José Simoes Couceiro abandona a sesión)

Continua o Sr. Pena Mosquera dicindo que a moción presentada non é propia do BNG, senón da organización SOS Sanidade pública que abrangue a 55 organizacións, e que son as medidas de carácter urxente que esta asociación propón.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra a **concelleira portavoz do PSdeG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, para indicar que o partido socialista tamén recolleu esta moción promovida pola plataforma SOS Sanidade pública, e que están totalmente de acordo en toda a súa exposición; o seu partido cree na sanidade pública, nos servizos públicos que hai que defender, que non están funcionando e reforzar. Indica que é coñecedora de que non é a visión do grupo municipal do PP, que están en mundos paralelos pero o resto dos grupos si están a recoller os problemas que traslada a cidadanía. Indica que o seu voto vai ser a favor.

(Sendo as 13 horas e 10 minutos regresa a sesión o concelleiro don José Simoes Couceiro)

Toma a palabra o **concelleiro portavoz do PP don Santiago José Rodríguez Piñeiro**, para indicar que o seu voto será en contra, xa que a súa visión da sanidade é outra.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera., e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

1. Apoiar explícita á manifestación convocada por la Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa de medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega

2. Esixir ás administracións competentes, nomeadamente á Xunta de Galicia, as seguintes 13 medidas urxentes







### CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 1). Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS)
- 2). Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais
- 3). Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.
- 4). Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas
- 5). Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.
- 6). Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia
- 7). Reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas
- 8). Elaborar de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado
- 9). Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.
- 10). Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.
- 11). Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.
- 12). Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.
- 13). Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.

### 9.3.- MOCIÓN DO PSDG-PSOE DE APOIO Á SANIDADE PÚBLICA E Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA PLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira-portavoz do grupo municipal do PSDG-PSOE** do Concello de Ponte deume, que da lectura a moción presentada:

*“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento: Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan mais da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonados nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas.*

*É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.*

*SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que abranguen propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chama a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.*

*Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ponte deume propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

ACORDO:

**O apoio explícito a Manifestación convocada por la Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega :**

- 1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS),*
- 2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais*
- 3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.*
- 4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas*
- 5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.*
- 6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia*
- 7. Reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas segundo*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8. *Elaborar de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado*

9. *Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.*

10. *Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. radicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.*

11. *Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.*

12. *Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral*

13. *Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Indica a **Sr. Bellón Tenreiro**, que tamén é unha moción que lles chega a través da plataforma SOS sanidade pública, é ten os mesmos acordos que a moción presentada polo BNG.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera., e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

**O apoio explícito a Manifestación convocada por la Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega :**

1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS),
2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais
3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.
4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.
6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia
7. Reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas segundo
8. Elaborar de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado
9. Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.
10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. radicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.
11. Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.
12. Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral
13. Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.

## 10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

### 10.1.- ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno do mes de xaneiro as seguintes preguntas

**Pregunta 1.- ALEXANDRE CAÍNZOS.** En decembro do 2022 fai xa máis de 1 ano presentamos unha mocións cun único punto de acordo: Ponte deume e a súa veciñanza ten unha débeda impagable con Alexandre Caínzos. O concello de Ponte deume comprometése a realizar no ano 2023 un acto público de recoñecemento a O NOSO BIBLIOTECARIO e ao seu legado na vida cultural e artística da nosa Vila". Acordamos nunha xuntanza de voceiros para analizar a posibilidade de concederlle a medalla de ouro de Ponte deume da cultura e crear unha comisión para tal fin. Por que este desinterese para que 2 anos despois non se creara a comisión ?



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Resposta do Goberno.-** Falouse con todos os membros da comisión (4 persoas do mundo cultural) para acordar a súa participación na mesma, obtendo unha resposta afirmativa de todos eles. Por motivos laborais dalgún deles acordouse aprazar o inicio da tramitación a despois de xaneiro.

Polo tanto por parte deste goberno non hai ningún desinterese, mais ben todo o contrario.

**Pregunta 2.- BIBLIOTECA.** O edificio da actual biblioteca "Ramiro Fonte" leva moitos anos sen inversións e o seu estado de conservación e claramente mellorable. Actualmente nin os espazos, nin a súa distribución e estrutura, nin o seu mobiliario, están altura dunha biblioteca atractiva, moderna e funcional do ano 2024. Fai 4 meses díxéronnos que encargaran un informe ao aparelador municipal un informe sobre o edificio, cales foron as conclusións do informe ? Tamén dixeron que unha enxeñaría estaba a realizar un proxecto de mellora, está finalizado o proxecto ?

**Resposta do Goberno.-** Coa chegada da nova bibliotecaria estanse a facer cambios e renovación tanto na distribución dos espazos para darlle unha mellor funcionalidade ao edificio e adaptalos ás barreiras arquitectónicas que a propia estrutura da edificación posúe, dándolle un mellor acceso ao material bibliográfico por parte dos usuarios.

Ademais , estase a tramitar unha subvención para adquisición de mobiliario co obxecto de renovar as cadeiras e mesas da sala infantil e está prevista a reorganización do espazo de traballo da bibliotecaria adaptándose ás necesidades tanto do servizo de préstamo como das necesidades que o posto de bibliotecaria require xa que actualmente a dinámica de funcionamento é totalmente dixital.

Do mesmo xeito estase a realizar unha listaxe de expurgo de coleccións obsoletas ou deterioradas que supoñerá unha liberación de espazos necesarios para a reorganización tanto do funcionamento da biblioteca coma o almacenaxe.

O informe do departamento de urbanismo está realizado. As conclusións do informe as teñen vostedes á súa disposición do departamento de urbanismo.

Partindo do resultado do mencionado informe estase a redactar o proxecto de mellora.

**Pregunta 3.- SINALIZACIÓN PASEO MARÍTIMO.** Fai 6 meses, en xuño do 2023 unha veciña deste concello presentou unha solicitude vía rexistro pedindo sinalización no paseo marítimo para os vehículos rodados. Hai unhas semanas expúxolle ao alcalde, nunha entrevista persoal, o seu temor ao ter que compartir espazo cos ciclistas, cando semella que moitos deles non son conscientes de que nese entorno a prioridade de tránsito sempre é peonil e trasladoulle vía oral a mesma solicitude que fixera anteriormente por escrito. Pensan facer dende o concello algunha campaña informativa sobre este asunto ? Van sinalizar as entradas, para que fique meridianamente claro, que a prioridade de circulación en todo o paseo marítimo é peonil?

**Resposta do Goberno.-** As sinais en cuestión xa están colocadas no paseo marítimo tal como se acordou nesas reunións.

**Pregunta 4.- COMISIÓN DE ESTUDO. MEMORIA DEMOCRÁTICA.** O pasado novembro presentamos unha moción para a revisión de honras e distincións e a eliminación de elementos contrarios á memoria democrática. Nesa moción instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na eliminación da



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

simbología franquista no marco da Lei de Memoria Democrática mediante o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura. Nese pleno acordouse “Crear unha comisión para analizar cada un dos expedientes de honras e distincións concedidos neste concello a persoas vinculadas coa ditadura franquista, por se fora de aplicación o establecido na Lei de Memoria Histórica Democrática “ e dende o noso grupo propuxemos como membro desta comisión a Manuel Monje que é un especialista en histórica democrática. Por que aínda non se creou a comisión ? Cando prevén que estará formalizada dita comisión ?

**Resposta do Goberno.-** Puxémonos en contacto coa asociación de memoria histórica democrática para o seu asesoramento neste sentido. Estamos a ter conversas con diferentes membros da mesma para que nos indiquen o procedemento a seguir neste caso. Temos acordada unha reunión para conclusións de procedemento no mes de febreiro.

**Pregunta 5.- ZONA AZUL.** No pasado Decembro implantábase por fin a tan ansiada zona de estacionamento regulado na contorna do Mercado Municipal e o da entrada da ponte. Alegrámonos de que, aínda que tarde, xa poidamos desfrutar desta medida demandada tanto polo noso grupo político como por veciños e sobre todo comerciantes. A día de hoxe aínda non se retirou a sinalización anterior, polo que esta situación pode levar a confusión ás persoas que queiran estacionar na Praza do Conde. Cando pensan substituír estes sinais polos novos? Sancionouse a algunha persoa non respectar a actual normativa de estacionamento nestas zonas de rotación?

**Resposta do Goberno.-** A sinalización que daba lugar a confusión foi retirada hai semanas polos operarios municipais, mentres que as novas serán instaladas nos próximos días coincidindo cunha actualización no software dos parquímetros solicitada por Xefatura de Policía Local. Polo momento Policía Local está a deixar avisos do incumprimento. Unha vez estea en marcha dita actualización que estimamos para os próximos días e previa comunicación aos veciños, comezarán as correspondentes sancións.

**Pregunta 6.- EDIFICIO DO PICO.** En xaneiro do 2021 anunciaban na prensa a compra do edificio do Picho. A día de hoxe, 3 anos despois, segue vixente o preacordo de compra ? Existe UN informe de Patrimonio sobre esta compra dende outubro do 2022, cal é o estrado de tramitación do expediente ? Cal é o custo do derribo da estrutura do edificio ?

**Resposta do Goberno.-** Ese acordo está vixente recentemente tivemos unha reunión cos propietarios para pechar a compra entre os meses de abril e xuño.

Debido ao incremento dos custos dos materiais estase recalculando debido ao incremento na man de obra e os custos de produción.

**Pregunta 7.- HOTEL EUMESA-GASOLINEIRA.** A contorna do Hotel Eumesa e a gasolinera é un espazo senlleiro para a nosa Vila. A titularidade é de Portos de Galicia, polo que calquera modificación do uso actual debe contar coa aprobación e colaboración desta institución. E necesario a reformulación do aproveitamento deste espazo polo que é necesario contar cun proxecto que conte cun amplo consenso dentro da sociedade eumesa. Todas as posibilidades están abertas: un edificio sobranceiro ben integrado (uso comercial, hostaleiro), estacionamento soterrado, conexión coa Alameda a través do parque Sarmiento Cando abrirá un concurso de ideas para ir perfilando o usos futuros cando se esgoten as concesións actuais ? En que data rematan as concesións ?



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Resposta do Goberno.-** As concesión rematan no ano 202. Dende o goberno local estamos a contemplar diferentes usos para este espazo, tendo que ter en conta a lexislación vixente que en moitos casos limita a realización das actuacións desexadas, polo que un concurso de ideas xeraría expectativas entre a poboación que non poderían cumprirse por mor da lexislación a aplicar. Deste xeito, en base a dita lexislación, estamos a valorar as posibilidades que este espazo ofrece.

Agora estamos pendente dunha reunión co novo presidente de portos de Galicia dado que este tema xa fora tratado coa súa predecesora.

**Pregunta 8.- LONXAS DE RAJOY.** En xuño de 2021 dicían que estaban tramitando coa Deputación un proxecto para as Lonxas de Rajoy que contemplaba espazos de coworking, varias salas multidisciplinares para ser utilizadas por entidades do municipio e locais para a restauración. Está rematado o proxecto? ou en todo caso cando estará rematado o proxecto e con que coste?

**Resposta do Goberno.-** O proxecto está a ser redactado polos servizos técnicos da Deputación por tanto non terá custo para este Concello. Segundo trasladánnos desde o devandito organismo o proxecto esperan telo terminando dentro do primeiro semestre deste ano. O atraso na súa redacción veu motivado por unha modificación do mesmo derivada das necesidades de ampliar o espazo reservado inicialmente para o fin citado con anterioridade.

**Pregunta 9.- PLAN DE IGUALDADE.** En novembro do 2022 presentóusenos III PLAN ESTRATÉXICODE IGUALDADE DE OPORTUNIDAD ESENTRE MULLERES E HOMES(2022 - 2027). En febreiro do 2023 dixéronos que precisaban “certo tempo” para cubrir os procedementos e tramitar o expediente. Canto tempo máis precisan? Cando o III PLAN ESTRATÉXICODE IGUALDADE DE OPORTUNIDAD ESENTRE MULLERES E HOMES (2022 - 2027) o levado ao pleno do concello de Ponte deume para poder aprobalo?

**Resposta do Goberno.-** A nosa intención é levar ese documento a aprobación no vindeiro pleno do mes de febreiro, unha vez estea adaptado polos servizos xurídicos ao decreto ley que regula este tipo de expedientes.

**Pregunta 9.- SERVIZO DE URBANISMO.** Seguimos a recibir numerosas queixas sobre o retraso de tramitacións de expedientes no servizo de URBANISMO. É certo este retraso por acumulación? Que medidas están a tomar dende o goberno municipal?

Como xa se lles trasladou noutras ocasións, o Departamento de Urbanismo vén de sufrir varias baixas laborais tanto do Arquitecto Técnico Municipal como da Arquitecta Municipal. En relación ao primeiro dita baixa non se puido substituír pola súa condición de interino posto que a actual lexislación en materia laboral non o permite., no caso da Arquitecta recorreuse á lista de substitución coa que conta este concello, atopándose traballando todos os integrantes e imposibilitando dita substitución.

Durante o ano 2023 realizouse un convenio co concello de Ares para a realización de horas por parte do técnico dese municipio por esa a única opción posible que conlevoou que o seu Arquitecto Técnico Municipal estivese a prestar os seus servizos neste Concello para mitigar a carga de traballo do Departamento.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Actualmente ambos os traballadores atópanse en activo e estase pechando un acordo co servizo de Asistencia a Municipios da Deputación para delegar certos expedientes e poder aliviar a carga de traballo do departamento.

Devandito o cal, por parte do goberno están a tomarse outras medidas para mellorar a dotación deste servizo.

O grupo municipal do BNG non presentou ningún rogo para o pleno do mes de xaneiro

### 10.2 ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)

O Partido Popular (PP) presenta para o Pleno do mes de xaneiro as seguintes preguntas.

**NAVIDAD Pregunta. 1.** ¿Qué empresas se han contratado para la decoración y alumbrado navideño? Indíquenos si hay más de una y que empresas ejecutaron dichos trabajos y su coste.

**Resposta do Goberno.**- Os conceptos aos que fan vostedes referencia son totalmente distintos posto que unha cousa é decoración de nadal para as diferentes actividades e outra alumbrado de nadal. Tendo en conta que se trata de servizos e polo tanto conceptos diferentes contratouse para un deles, a Permuy Electricidad Obras y Servicios , e para outro Iluminacións Branco,

**AUTOPISTA. Pregunta 2** Había una bonificación por bienes especiales (autopistas, presas etc) que acaba en agosto 2023 ¿Está el Concello a aplicar el % correcto una vez acabada la bonificación? ¿Se instó al catastro a que actualice el valor catastral de la autopista, ya que igual tiene un valor de hace años y resulta que siendo así, podremos reclamar 4 años para atrás esos atrasos?

**Resposta do Goberno.**- En primeiro lugar puntualizar que existe un erro de interpretación da lexislación vixente pola súa parte, xa que actualmente este Concello , xunto con outros Concellos a través da Deputación polos que discorre a AP9 están a estudar as medidas legais para proceder a reclamación á empresa concesionaria da autoestrada do importe correspondente ao IBI.

**DEPORTES Pregunta 3.** La subvención que la Xunta otorgó a Ponte deume para el 2023 de 5.781,16€ y el 2024 de 4.047,40€ para la adquisición de material deportivo inventariable . Nos informan que la del 2023 se ha perdido porque según ustedes manifiestan en un escrito que mandan a la Xunta no pueden justificar la subvención por no tener crédito disponible. ¿Cómo justifican esta gestión que hace perder este dinero para las instalaciones deportivas de Ponte deume las cuales podrían beneficiarse y tener unas mejoras como es el caso de la piscina municipal?

**Resposta do Goberno.**- Como ben se lles informou en innumerables ocasións por parte deste Goberno, o pasado ano estivo marcado polo incremento dos custes da luz e dos materiais de obra, así como o pago da sentenza á que houbo que facer fronte, imposibilitando, deste xeito, moitas accións previstas para a súa realización.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dende os diferentes departamentos deste Concello realizáronse todos os trámites posibles para poder xustificar dita subvención, non sendo finalmente posible e así foi comunicado polo departamento de Intervención.

Informar, tamén, que a Piscina Municipal conta, dende hai uns meses, con novas máquinas na súa instalación, xa que incluso varios concelleiros axudaron no transporte e montaxe das mesmas. Entendemos a súa falta de coñecemento dunha administración, derivado, queremos pensar, da súa falta de experiencia de xestión, posto que ao longo deste ano saen innumerables convocatorias das distintas administracións públicas, non tendo capacidade este ni ningún outro Concello de acceder a todas elas, posto que os recursos que xestionamos son limitados e moitas destas convocatorias requiren dun porcentaxe de achega municipal. Para poder acceder a todas elas necesitaríamos aproximadamente un orzamento que triplicase o que manexa este Concello actualmente, que lles lembramos, é o máis alto da historia do noso municipio. Dito o cal, por parte deste Concello solicitáronse outras axudas e achegas ás que sí que puidemos facer fronte. Así mesmo, gustaríanos que nos facilitasen a información á que vostedes fan referencia.

**Pregunta 4.** En el pleno del mes de noviembre le hemos preguntado si había alguna entidad deportiva sin cobrar su subvención municipal por parte del Ayuntamiento y nos contestan sobre el 2021 ....

¿En el año 2022 y 2023 están todos al día en cobrar dicha subvención? Si no es así indíquenos qué club deportivo es, el motivo y cual es la cantidad que tienen sin cobrar.

**Resposta do Goberno.-** A resposta emitida o pasado mes de novembro responde á súa pregunta sobre se algunha entidade ten sen cobrar a súa subvención.

Este ano 2024 sairá a liña de axudas a entidades deportivas 2023/2024. Sairán 2 liñas de axudas para compensar a ausencia de subvención no ano anterior, algo xa tratado cos propios clubs.

Actualmente estamos á espera de que se nos indique por parte do departamento de Intervención os pormenores das bases no que aos efectos económicos se refire.

**PEPRI. Pregunta 5** En marzo del 2020 a una pregunta formulada sobre el PEPRI nos contestan: En la actualidad el documento está a ser adaptado por parte do equipo redactor, las modificaciones legislativas que entraron en vigor recentemente y que son de aplicación, entre ellas las normas técnicas del plan. Es importante aclarar que la tramitación de este tipo de documentos es siempre tediosa debido a los numerosos cambios legislativos, lo que obliga a readaptar de forma constante el documento, tal y como ocurrió a lo largo de estos años.

Así mesmo, el atraso en la tramitación de los informes de los organismos sectoriales incluye también en los tiempos de gestión.

¿Nos pueden indicar en qué situación se encuentra la tramitación del PEPRI?

**Resposta do Goberno.-** Como indicamos naquela ocasión, a redacción deste tipo de documentos trátase dun traballo moi tedioso, técnico e que implica unha gran dedicación por parte dos técnicos municipais. Cabe lembrar as baixas laborais dos últimos anos da Arquitecta Municipal, que #ante a imposibilidade de ser cubertas, afecta directamente os prazos previstos para a súa aprobación inicial.

Desde a reincorporación da Arquitecta Municipal están a producirse reunións quincenais entre o redactor do documento, os servizos técnicos municipais e o Concelleiro de Urbanismo para lograr a aprobación inicial ao longo deste ano 2024.

**AGUA. Pregunta 6.** ¿Cuál es el estado de la licitación del servicio de abastecimiento de agua y que plazos se manejan?



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Resposta do Goberno.**- Actualmente estanse redactando vos pregos, polo que tendo en conta iso así como a situación do servizo de contratación do Concello non podemos adiantarlles unha data concreta

**INSTALACIONES DEPORTIVAS. Pregunta 7.** ¿Qué cantidad de dinero fue invertida en cada una de las instalaciones deportivas en la toda la anterior Legislatura?

**Resposta do Goberno.**- As cantidades invertidas en cada unha das instalación deportivas na anterior Lexislatura foron as seguintes:

-Pavillón Municipal A Casqueira: 170.000 € aprox.

-Campo de fútbol de A Gándara: 280.000 € aprox.

-Pista Parque Sarmiento: 15.500 € aprox.

-Piscina Municipal: 12.000 € (neste caso o importe é inferior, xa que é unha concesion e o investimento deberíano de facer a empresa).

Engadir, tamén, que a cantidade invertida no Campo de fútbol de A Gándara foi a máis grande na historia desta instalación.

**PABELLÓN NUEVO. Pregunta 8.** ¿Se barajó la posibilidad de la construcción del nuevo pabellón en la pista del colegio de Andrade ya que es de titularidad Municipal y la Xunta solo tiene una puesta a disposición de los terrenos?

**Resposta do Goberno.**- A construción do novo pavillón na pista do colexio de Andrade é totalmente imposible debido ás medidas que se precisan e das que contamos nesa ubicación.

Por parte do Goberno barallouse esa posibilidade pero desbotouse debido ás actuais medidas da mesma, xa que non son suficientes e que ademais da propia pista necesitanse espazos reservados para vestuarios, almacén, gradas, conserxería, etc.

Ademais dunha nova zona de estacionamento de vehículos para dar cumprimento do establecido no Plan Xeral, que contempla a obriga de dotar de 3 prazas de aparcamento por cada 100m2 construídos. Así mesmo, desbotouse tamén esta posibilidade pola altura desa suposta edificación, posto que cegaría a fiestras que dan luz actualmente aos corredores do centro escolar.

Recordámoslle que o emprazamento que ten previsto este Goberno para a construción do novo pavillón xa é de titularidade municipal, polo que non precisa da posta a disposición de ningunha administración.

O que te que facer a Xunta de Galicia é dotar ese centro dun patio cuberto dando cumprimento así ao demandado tanto por este Goberno coma pola comunidade educativa.

**MERCADO MUNICIPAL Pregunta 9.** ¿A cuánto asciende el coste total energético del mercado municipal desde su apertura hasta el día de hoy?

**Resposta do Goberno.**- Ou custo total do gasto enerxético do mercado dende a súa apertura, tanto de zonas comúns como dos postos ascende a 75.567,39€.

**Pregunta 10.** Nos indican usuarios y algunos placeros de el Mercado que no se cumple con su horario de apertura a las 8 de la mañana ¿Qué medidas van a tomar para solucionarlo ?Les recordamos que es algo reiterado ya que ya sucedió meses atrás y vuelve a suceder.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Resposta do Goberno.-** Este Concello, a través do departamento de comercio, ten contacto practicamente diario coa asociación de praceiros, e estánllos a trasladar tanto as necesidades como as incidencias habituais do día a día, dándolle solución sempre no menor espazo de tempo. Así as cousas, a día de hoxe non temos constancia desta circunstancia que nos indican vostedes. De todos os xeitos, comentaremos esta queixa coa persoa responsable da apertura, aínda que nestes momentos atópase de baixa laboral e cóstanos que a persoa que está a suplir este posto está a realizar o seu traballo con total responsabilidade xa que os representantes da asociación de praceiros trasladáronnos o seu agrado polo bo facer da mesma.

**POLÍGONO Pregunta 11.** ¿Recientemente hubo una reunión con la gerente del Sepes para hablar de la ampliación del polígono¿Cuál es la idea actual de ampliación y hasta donde?

**Resposta do Goberno.-** Nos terreos reservados no PXOM, que foron cualificados como urbanizable industrial, dito doutro xeito, a ampliación do polígono, a súa extensión e os terreos afectados pola mesma xa foron definidos no seu día no Plan Xeral.

O grupo municipal do PP presentou para este Pleno os seguintes rogos:

1. Rogamos materialicen la petición de los vecinos del edificio Paseo Marítimo número 17 de Ricardo Sánchez de colocar un doble espejo(para izquierda y derecha) frente a la salida de su garaje para dar seguridad tanto al peatón que cruza cara a la guardería como a los usuarios del garaje para su salida .
2. Rogamos limpien la calle Chapizo (el camino de la casa de ejercicios)



Na mesma sesión, don Santiago José Rodríguez Piñeiro pide que se inclúa un novo rogo.

3. Que se arranxen os baches na avenida Lombardero e na Avda. de Ferrol

## REMATE DA SESIÓN





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e quince minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 29.02.2024, segundo o borrador asinado o día 26.02.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

